



**Resolución do 1 de agosto de 2019, da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do SUG ao abeiro do programa das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2014.**

A Orde do 24 de xullo de 2014 (DOG núm. 147, do 5 de agosto de 2014), establece as bases para a concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (Plan I2C) para o ano 2014. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

A Instrución 4/2019, do 30 de abril, da Secretaría Xeral de Universidades, establece as directrices para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento das persoas investigadoras contratadas no Programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, da convocatoria de 2014 ás que se lles concedeu un aprazamento da avaliación por circunstancias excepcionais. A avaliación foi realizada por persoas expertas externas ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe das persoas expertas, a Secretaría Xeral de Universidades,

**RESOLVE:**

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento da persoa investigadora que se relaciona a seguir e emitir a certificación da avaliación positiva:

Investigadora do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2014						
Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2º Apelido	Nome	DNI	Resultado avaliación
ED481B 2014/134-0	UVigo	Figueiredo	González	María	*****052N	Positiva

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

